


**Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2006**

**COMUNICADO**

**No ano 2006 o PIB de Galicia presenta un crecemento do 4,1%  
e o emprego do 3,1%**

En 2006 o Produto Interior Bruto (PIB) galego presenta un crecemento en termos reais do 4,1%, oito décimas máis que en 2005, e a maior taxa de crecemento dende o ano 2000. O crecemento deste ano é dúas décimas superior ao do conxunto de España e máis dun punto superior ao do conxunto dos 25 países da Unión Europea.



**TAXAS DE CRECIMENTO DO PIB pm**

*Índices de volume*

	Galicia	España	UE-25
<b>1996</b>	1,9	2,4	1,8
<b>1997</b>	3,9	3,9	2,7
<b>1998</b>	4,1	4,5	2,9
<b>1999</b>	5,4	4,7	3,0
<b>2000</b>	4,6	5,1	3,9
<b>2001</b>	3,5	3,7	2,0
<b>2002</b>	2,3	2,7	1,2
<b>2003</b>	2,6	3,1	1,3
<b>2004</b>	3,5	3,3	2,4
<b>2005</b>	3,3	3,5	1,7
<b>2006</b>	4,1	3,9	2,9
<b>1995-2006</b>	<b>3,5</b>	<b>3,7</b>	<b>2,3</b>

Fonte: IGE, INE e Eurostat

No conxunto do período 1995-2006 o PIB galego presenta unha taxa anual acumulada do 3,5%, sendo para España esta taxa do 3,7% e do 2,3% na Unión Europea.

Por sectores destacan a industria e a construción con crecementos por riba do PIB, así coma os impostos sobre os produtos netos de subvencións. No conxunto do período o sector primario, enerxético e os servizos de non mercado presentan un crecemento medio inferior ao PIB, sendo 2006 o ano no que presentan un maior crecemento o sector da enerxía e os servizos de non mercado.

### CADRO MACROECONÓMICO

Prezos constantes

Taxas de variación anuais (%)

Oferta	05-06 (A)	95-06 (A)
Agricultura, gandería e pesca	1,9	1,7
Enerxía	3,6	1,6
Industria	4,7	5,3
Construción	4,2	4,6
Servizos de mercado	4,0	3,5
Servizos de non mercado	3,6	2,2
Impostos netos sobre os produtos	4,5	3,8
<b>PIB A PREZOS DE MERCADO</b>	<b>4,1</b>	<b>3,5</b>

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2006  
(A) Avance

Dende unha perspectiva trimestral, o Produto interior bruto xerado pola economía galega no cuarto trimestre de 2006 rexistrou un crecemento do 4,2% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento é superior en dúas décimas ao rexistrado no trimestre anterior.

Dende a perspectiva da oferta, tódalas ramas presentan elevadas taxas de crecemento agás as ramas de produtos enerxéticos que presentan un crecemento interanual do -0,5%.

As ramas agraria e pesqueira creceron un 5,7% no cuarto trimestre de 2006. As ramas industrias tamén creceron un 5,7%, crecemento moi superior ao rexistrado no trimestre precedente. As ramas de produtos enerxéticos desaceléranse 1,4 puntos con respecto ao trimestre anterior ata acadar un crecemento do -0,5% e as de produtos industriais aumentan o seu crecemento 7,6 puntos alcanzando unha taxa interanual do 7,3%. Este crecemento está de acordo co crecemento experimentado polo Índice de produción industrial.

O sector da construción acadou unha taxa de crecemento interanual do 4,5%, superior en tres décimas ao crecemento rexistrado no terceiro trimestre de 2006. Este crecemento susténtase no maior crecemento da edificación residencial se se utilizan as series periodificadas, mentres que a edificación non residencial e a licitación oficial presentan taxas de crecemento inferiores ás do trimestre anterior.

### Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)


Operacións	2005				2006			
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Ramas agraria e pesqueira	-4,5	-1,0	6,0	-4,2	4,7	2,7	-4,8	5,7
Ramas enerxéticas	-1,9	-3,6	0,2	5,8	6,2	8,2	0,9	-0,5
Ramas industriais	0,8	0,1	3,2	3,7	6,6	5,6	-0,3	7,3
Construción	4,3	4,4	4,2	4,3	4,2	4,1	4,2	4,5
Ramas dos servizos	4,1	4,0	3,4	3,9	3,9	3,9	4,1	3,8
- Servizos de mercado	4,7	4,0	3,8	3,7	4,0	4,3	3,9	4,0
- Servizos non de mercado	2,1	3,7	2,0	4,5	3,7	2,9	4,7	3,2
Impostos netos sobre os produtos	6,9	5,6	0,1	3,7	1,6	4,2	5,9	6,5
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>3,0</b>	<b>3,3</b>	<b>3,2</b>	<b>3,7</b>	<b>3,9</b>	<b>4,0</b>	<b>4,0</b>	<b>4,2</b>

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral  
2005, 2006 avance

Por último, o sector dos servizos presenta un crecemento do 3,8%, tres décimas inferior ao crecemento do trimestre precedente. A desaceleración prodúcese nos servizos de non mercado, que reducen o seu crecemento 1,5 puntos pasando do 4,7% do terceiro trimestre ao 3,2% no cuarto. Os servizos de mercado soben unha décima á súa taxa de crecemento do trimestre anterior quedando no 4,0%.

### O ano 2006 é o segundo de maior crecemento do PIB nominal dende 1995

En termos correntes, a taxa anual do PIB galego en 2006 é do 8%, mentres que para o período 1995-2006 foi do 7,1%. Estas taxas miden o crecemento conxunto da economía real e dos prezos, sendo este ano o que presenta o segundo maior crecemento de todo o período, despois de 2000, no que se acadou unha taxa do 8,1% e que marca tamén un máximo en España e na Unión Europea.



### TAXAS DE CRECIMENTO DO PIB pm

Prezos correntes

	Galicia	España	UE-25
<b>1996</b>	5,4	6,0	5,2
<b>1997</b>	6,5	6,3	5,5
<b>1998</b>	6,8	7,1	4,7
<b>1999</b>	7,9	7,5	5,1
<b>2000</b>	8,1	8,7	7,1
<b>2001</b>	7,7	8,0	4,1
<b>2002</b>	6,5	7,1	3,7
<b>2003</b>	6,9	7,3	1,6
<b>2004</b>	7,5	7,4	4,8
<b>2005</b>	7,3	7,8	3,8
<b>2006</b>	8,0	7,8	4,9
<b>1995-2006</b>	<b>7,1</b>	<b>7,4</b>	<b>4,6</b>

Fonte: IGE, INE e Eurostat

En termos correntes, é salientable o crecemento da industria en 2006, cun crecemento do 7,7% fronte ao 5,1% do ano anterior e despois de catro anos de crecementos moderados e inferiores ao crecemento do PIB. A construción é o único sector que presenta un crecemento do seu VEB superior ao do PIB en 2006, con taxas superiores ao conxunto da economía tódolos anos agás 1996 e 1998.

A evolución do VEB dos servizos debe analizarse distinguindo as actividades de mercado e non mercado xa que presentan un comportamento moi distinto en todo o período. Así, o conxunto do sector servizos presenta unha taxa anual no período 1995-2006 dúas décimas inferior á taxa do PIB, debido ao peor comportamento dos servizos de non mercado, cun crecemento dous puntos inferior aos servizos de mercado (5,3 e 7,4 respectivamente).

### CADRO MACROECONÓMICO

*Prezos correntes*  
*Taxas de variación anuais (%)*

Oferta	05-06 (A)	95-06 (A)
Agricultura, gandería e pesca	2,0	2,5
Enerxía	6,0	2,5
Industria	7,7	7,6
Construción	12,6	10,2
Servizos de mercado	7,3	7,4
Servizos de non mercado	6,3	5,3
Impostos netos sobre os produtos	11,0	8,9
<b>PIB A PREZOS DE MERCADO</b>	<b>8,0</b>	<b>7,1</b>

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2006  
(A) Avance

A distinta evolución do VEB dos sectores reflíctese no cambio da súa estrutura nos once anos analizados.

É salientable o maior peso da construción, que no ano 2006 ten un peso similar á industria e superior aos servizos de non mercado, gañando neste período 3,5 puntos porcentuais. O sector dos servizos de mercado incrementa o seu peso no PIB só 1,2 puntos e non compensa a perda de peso dos servizos de non mercado.

Pero son os sectores primario e enerxético os que presentan unha maior perda de peso no total, sumando 4,7 puntos porcentuais e pasan de supor un 12,1% en 1995 (superior á construción e case da magnitude da industria) a un 7,4% en 2006.

### CADRO MACROECONÓMICO

Prezos correntes  
Estrutura porcentual

Oferta	1995	2006 (A)
Agricultura, gandería e pesca	6,7	4,1
Enerxía	5,4	3,3
Industria	12,8	13,5
Construción	9,6	13,1
Servizos de mercado	41,9	43,1
Servizos de non mercado	14,5	12,0
Impostos netos sobre os produtos	9,1	10,8
<b>PIB A PREZOS DE MERCADO</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2006  
(A) Avance

#### O sector servizos achega máis da metade do crecemento acumulado polo PIB galego dende 1995

As achegas ao crecemento do PIB miden o efecto conxunto das taxas de crecemento dos sectores e do seu peso na economía.

No período 1995-2006 o PIB galego presenta unha taxa acumulada en termos correntes do 114%. O conxunto das ramas do sector servizos presentan unha achega do 61% (o 54% do crecemento do PIB), sendo esta achega similar ao seu peso no conxunto da economía xa que o crecemento do conxunto dos servizos é similar ao do PIB.

Pero é a achega do sector da construción a que merece unha análise máis detallada. Este sector, que ten en 1995 un peso inferior ao 10% do PIB, é o responsable do 16% do crecemento do PIB nestes once anos, mentres que si sumamos os sectores primario, enerxía e industria, que no inicio do período representaban o 25% do PIB, presentan unha achega similar (o 17% do total).

### ACHEGAS AO CRECIMENTO DO PIB (%)

Prezos correntes

Oferta	05-06 (A)	95-06 (A)
Agricultura, gandería e pesca	0,1	2,1
Enerxía	0,2	1,6
Industria	1,0	15,9
Construción	1,6	18,5
Servizos de mercado	3,2	50,2
Servizos de non mercado	0,7	11,2
Impostos netos sobre os produtos	1,2	14,1
<b>PIB A PREZOS DE MERCADO</b>	<b>8,0</b>	<b>113,6</b>

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2006

(A) Avance

**O crecemento do emprego en 2006 é do 3,1%, acadando a cifra de máis dun millón cen mil postos de traballo equivalentes a tempo completo**

Dende 1995 creáronse 190 mil postos de traballo equivalentes a tempo completo, dos que máis de 30 mil corresponden ao ano 2006.

### EVOLUCIÓN DO EMPREGO

*Postos de traballo equivalentes (PTE)*

Ramas de actividade	1995	2005 (A)	2006 (A)
Agricultura e pesca	206.842	120.301	115.758
Enerxía	11.894	11.274	10.989
Industria	124.904	158.571	161.267
Construción	96.964	140.704	147.545
Servizos de mercado	312.672	451.088	473.643
Servizos de non mercado	183.921	209.588	215.796
<b>TOTAL</b>	<b>937.197</b>	<b>1.091.526</b>	<b>1.124.996</b>

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2006

(A) Avance

A análise sectorial do emprego presenta distintas conclusións que a análise do VEB. Dos case 190 mil postos de traballo equivalentes a tempo completo que se crean en Galicia entre 1995 e 2006, corresponden aos servizos de mercado 160 mil. Este sector ten unha capacidade de crear emprego non comparable cos restantes sectores e supón máis do 40% do emprego total en 2006, dez puntos porcentuais máis que en 1995.

No senso contrario, no ano 2006 o sector primario ten un peso na estrutura do emprego que é menos da metade do peso que tiña en 1995, pasando do 22% ao 10%, consecuencia dunha diminución de máis 90 mil postos de traballo equivalentes.

### ESTRUTURA DO EMPREGO POR RAMAS

*Postos de Traballo Equivalentes a Tempo Completo (%)*

Ramas de actividade	1995	2006 (A)
Agricultura e pesca	22,1	10,3
Enerxía	1,3	1,0
Industria	13,3	14,3
Construción	10,3	13,1
Servizos de mercado	33,4	42,1
Servizos de non mercado	19,6	19,2
<b>TOTAL</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2006

(A) Avance

16 de Marzo de 2007

En termos relativos o emprego crece un 20% neste período, salientando crecementos de máis do 50% na construción e os servizos de mercado, o 30% a industria e . 40% a agricultura e pesca.

A evolución trimestral do emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no cuarto trimestre de 2006 un crecemento interanual do 3,3%, seis décimas máis que o estimado para o trimestre anterior. Esta taxa supón a creación de 35.997 postos de traballo a tempo completo.

O rasgo máis significativo desta evolución é o dinamismo da creación de emprego nas ramas dos servizos e da construción, que compensa a contracción de emprego das ramas agraria e pesqueira e enerxética.

### Emprego por ramas de actividade. Postos de traballo equivalentes a tempo completo

*Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

Operacións	2005				2006			
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
<b>POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO TOTAL</b>	<b>2,6</b>	<b>2,2</b>	<b>2,2</b>	<b>1,6</b>	<b>3,2</b>	<b>3,0</b>	<b>2,7</b>	<b>3,3</b>
Ramas agraria e pesqueira	2,0	-2,3	-2,0	-8,5	-5,3	-3,7	-5,6	-0,4
Ramas enerxéticas	-0,9	-0,8	-1,4	-1,3	-2,6	-2,8	-2,5	-2,3
Ramas industriais	0,1	-0,1	0,1	-0,1	1,6	1,8	1,7	1,7
Construción	2,4	3,5	3,6	3,9	4,9	4,6	5,1	4,9
Ramas dos servizos	3,5	3,5	3,4	3,6	5,0	4,3	4,1	4,0
- Servizos de mercado	4,4	4,3	4,3	4,0	5,8	5,2	4,6	4,4
- Servizos non de mercado	1,7	1,9	1,3	2,7	3,4	2,5	2,8	3,2

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral  
2005, 2006 avance

Consecuencia da evolución conxunta do PIB en termos reais e o emprego, a produtividade aparente do factor traballo presenta un crecemento do 22% neste período, destacando os crecementos en produtividade do sector primario, especialmente ata o ano 2002.

No derradeiro trimestre de 2006, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 0,9%, unha décima inferior á cifra acadada no mesmo trimestre a nivel nacional.

Por outra parte, dende 1995 rexístrase un crecemento continuado da taxa de asalarización da economía, que pasa dun 69% en 1995 a un 79% en 2006, aínda que se mantén por baixo da taxa española, en torno ao 85%.

É salientable o crecemento do peso asalariado no emprego do sector servizos de mercado pero que aínda non chega ao nivel da economía española na que os asalariados son máis do 80% do emprego total deste sector.

O sector primario galego presenta un nivel moi elevado de emprego non asalariado, sendo o crecemento da taxa de asalarización de dez puntos dende 1995 consecuencia do importante decrecemento do emprego non asalariado na agricultura.

## TAXA DE ASALARIZACIÓN

*PTE asalariados / PTE totais*

Ramas de actividade	1995	2006 (A)
Agricultura e pesca	17,2	27,0
Enerxía	97,1	96,1
Industria	93,0	95,1
Construción	84,6	86,8
Servizos de mercado	69,0	74,5
Servizos de non mercado	100,0	100,0
<b>TOTAL</b>	<b>68,8</b>	<b>79,3</b>

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2006


(A) Avance

### O sector exterior presenta en 2006 unha achega negativa ao crecemento do PIB de 6 décimas

As achegas ao crecemento do PIB da demanda interna e o PIB, indican en qué medida este crecemento ven dado pola demanda interna e pola evolución do saldo exterior de Galicia, xa que o PIB calcúlase, pola vía da demanda como a suma da demanda interna (consumo e inversión) e o saldo exterior da economía (exportacións menos importacións).

O crecemento real do PIB dende 1995 é consecuencia dunha achega da demanda interna do 56% e unha achega negativa do saldo exterior do 10%. Anualizando estas taxas de crecemento e as súas achegas, a taxa media acumulada do PIB neste período é do 3,5%, consecuencia dunha achega da demanda interna do 4,2% e do saldo exterior de . 0,7%.

A taxa de crecemento do PIB en 2006 é seis décimas superior á media do período, debido á demanda interna, xa que a demanda exterior presenta unha achega ao crecemento do PIB do . 0,6%, similar á media do período.





Tendo en conta os datos trimestrais, a demanda en termos nacionais contribúe con 5,2 puntos ao crecemento do PIB, seis décimas máis que no trimestre anterior, a achega da demanda externa neta é de -1,0 puntos porcentuais, catro décimas inferior á do terceiro trimestre.

O gasto en consumo final dos fogares creceu un 3,7% no cuarto trimestre de 2006, un crecemento superior en tres décimas ao rexistrado no terceiro trimestre. Os indicadores de rendas salariais seguen unha evolución parella cun crecemento superior ao do trimestre anterior debido sobre todo ao maior crecemento da afiliación asalariada, dos salarios pactados e á redución no crecemento dos prezos de bens de consumo. Outros indicadores de consumo como o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado tamén presenta un maior crecemento que no trimestre precedente, polo contrario as importacións de bens de equipo en termos reais presentan un crecemento elevado (7,6%) pero lixeiramente inferior ao crecemento rexistrado no trimestre anterior.

O gasto en consumo final das Administracións Públicas e Institucións sen fins de lucro creceu un 3,8%, catro décimas menos que no trimestre anterior.

#### **Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100**

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

Operacións	2005				2006			
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Gasto en consumo final	3,0	3,6	3,2	3,6	3,5	3,3	3,6	3,7
-Gasto en consumo final dos fogares	3,0	3,3	3,2	3,4	3,4	3,2	3,4	3,7
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,1	4,5	3,1	4,5	3,9	3,5	4,2	3,8
Formación bruta de capital	5,1	7,4	4,3	4,2	5,7	4,3	5,0	6,3
Demanda en termos nacionais(1)	4,1	5,4	4,0	4,3	4,8	4,1	4,6	5,2
Exportacións de bens e servizos	1,8	3,6	3,4	4,3	10,5	7,8	3,9	5,2
Importacións de bens e servizos	3,3	4,4	3,9	5,4	7,2	6,4	6,2	5,5
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>3,0</b>	<b>3,3</b>	<b>3,2</b>	<b>3,7</b>	<b>3,9</b>	<b>4,0</b>	<b>4,0</b>	<b>4,2</b>

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

(1) Achega ó crecemento do PIB pm.  
2005, 2006 avance


A Formación bruta de capital creceu un 6,3%, 1,3 puntos superior ao crecemento do trimestre anterior. O investimento en construción é o que está mantendo as altas taxas de crecemento do investimento, outros indicadores presentan evolucións dispares: a matriculación de vehículos de carga mostra un crecemento superior ao do trimestre anterior pero as importacións de bens de equipo en termos reais minoran o seu ritmo de crecemento.

Como xa se comentou anteriormente, a achega da demanda externa neta reduciuse catro décimas no cuarto trimestre situándose en . 1,0 puntos porcentuais. Isto é consecuencia do crecemento máis acelerado das importacións que das exportacións.

As exportacións creceron un 5,2% no cuarto trimestre, 1,3 puntos máis que no trimestre anterior. Pola súa parte as importacións creceron un 5,5%, 0,7 puntos menos que no trimestre anterior.


Nos tres últimos anos da serie analizada o deflactor do PIB e da demanda interna presentan crecementos moi similares, en torno ao 4%, presentando dende o ano 2001 un nivel

considerablemente superior aos anos anteriores, o que explica a diferente evolución das variables en termos reais e nominais.




O ano de maior discrepancia entre os deflactores da demanda interna e do PIB é 2000, cun punto de diferenza, ano no que o sector exterior presenta unha achega positiva ao crecemento do PIB en termos reais e negativa en termos nominais.

A diferenza no signo da achega do sector exterior do ano 2000 ven dado polo feito de que neste ano creceron moito máis os prezos das importacións que os das exportacións.



Os resultados en termos nominais, por tanto, teñen en conta o maior nivel dos deflactores nos últimos anos da serie, de modo que 2006 é o ano de maior crecemento da demanda interna nominal (xunto co 2000) e o terceiro se tomamos os datos en termos reais.

O crecemento da demanda interna neste período ven dado principalmente polo importante crecemento da inversión, cun crecemento medio anual no período 1995-2006 do 10,2%, fronte a un crecemento medio do consumo do 6,2%.



Pola vía das rendas distínguese a remuneración dos asalariados, o excedente de explotación bruto (EEB) e renda mixta e os impostos sobre a produción e importación netos de subvencións. Estas estimacións obtéñense anualmente a partir das contas de produción e explotación das ramas de actividade e só en termos correntes, polo que están dispoñibles ata o ano 2004.

### CADRO MACROECONÓMICO

*Estrutura porcentual*

Rendas	1995	2004 (P)
Remuneración dos asalariados	46,2	44,3
EEB/ Renda mixta bruta	44,0	45,0
Impostos netos produción e importación	9,8	10,7
<b>PIB A PREZOS DE MERCADO</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2006  
(P) Provisional

No período analizado, os impostos presentan un crecemento medio anual do 8,1% e o excedente de explotación bruto e a renda mixta o 7,3% , gañando ambos peso na estrutura do PIB fronte á remuneración dos asalariados que crece menos que o PIB (un 6,5%) e perde dous puntos porcentuais de peso sobre o total do PIB.

---

**Para más información:**

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/catalogo/peticioninfo.jsp?idioma=ga>  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>